



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Medio Ambiente

Aprobación inicial do período de información pública da actualización da cuarta fase do Plan acción contra o ruído 2025

ANUNCIO INFORMACIÓN PÚBLICA PLAN DE ACCIÓN EN MATERIA DE RUÍDO DO CONCELLO DA CORUÑA

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 27 de agosto do 2025, acordou aprobar inicialmente a actualización da cuarta fase do *Plan de acción contra o ruído* do Concello da Coruña, segundo o establecido na Directiva 2002/49/CE, de 25 de xuño de 2002 e na Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, e de acordo co procedemento establecido no artigo 11 da vixente ordenanza de ruído da Coruña.

Na mesma sesión acordouse someter o dito documento ao ao trámite de información pública polo prazo **dun mes**, contado a partir da publicación deste anuncio no BOP da Coruña, a fin de que as persoas co desexen poidan formular alegacións e suxestións.

O documento do Plan de Acción en Materia de Ruído estará dispoñible para a súa consulta no formato papel nas oficinas de Medio Ambiente (C/Pedro Ferrer s/n, Edificio Casa del auga 5ª andar, 09:00 a 14:00 h) e no formato dixital tanto na web www.coruna.gal/medioambiente como no portal de transparencia do Concello da Coruña.

As alegacións e propostas poderán presentarse en calquera dos rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

No caso de non recibirse ningunha alegación, observación ou suxestións durante o trámite de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación inicial.

Unha vez finalizado dito proceso participativo, e aprobado definitivamente o Plan de Acción en Materia de Ruído da Coruña, darase conta no Boletín Oficial da Provincia, con indicación da forma na que é posible consultar dito documento, e remitirase copia deste a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, organismo encargado da súa remisión ao ministerio competente.

A Coruña, 27 de agosto de 2025

A xefa do Servizo de Medio Ambiente,

Victoria E. Hurtado Chaves

2025/5667